

# XORNADAS SOBRE SENSUALIDADE E EROTISMO NA ARTE

## CEA AFRODISÍACA

TABERNA DO ESPAÑA

Rua Castelao, 4, 27002 Lugo. Telf. 982-240853 982- 221857

Venres, 28 de setembro, ás 22:00 horas

### Menú

Fresas con cava

Crema de cabaza e albahaca

\*\*\*

Paspallás asados con salsa de mostaza e uvas salteadas con menta

\*\*\*

### Sobremesa

Torta de chocolate con iogur e aroma de vainilla

\*\*\*

### Infusións

Menta e canela

Anís

### Bodega

Ribeira Sacra, tinto

Ribeiro xove, branco

Cava

### Reserva

Inscripción nos departamentos de Difusión e Comunicación

Tfno.: 982 24 21 12 / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org) / [info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)

**Prezo por persoa: 20 euros**

O pago farase efectivo no restaurante\*\*\*\*\*



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA  
MUSEO PROVINCIAL DO MAR  
PAZO DE TOR

# XORNADAS SOBRE SENSUALIDADE E EROTISMO NA ARTE

**Afrodisíaco.**- Nome que deriva de Afrodita, deusa grega do amor e da beleza, e que se aplica aos alimentos ou substancias que excitan ou estimulan o apetito sexual.

**Albahaca.**- Poderoso afrodisíaco. Triturando as follas secas en po e aplicándoo polo corpo coma se fose unha maquillaxe, non hai quen se resista. Ademais, alivia as dores de cabeza e a alitose, e calquera outra indisposición disculpatoria.

**Anís.**- Moi apreciado por gregos e romanos como afrodisíaco. Para que os prolegómenos dunha relación sexual duren e duren... anís! Os mellores efectos conséguense chupando as sementes moi lentamente.

**Cabaza.**- Son as sementes desta planta, especialmente as verdes, as que conteñen un maior estímulo para o sexo. Recoméndase o seu consumo a homes e mulleres que precisan, por idade ou cansazo, dun reforzo.

**Canela.**-Moi prestixiada como afrodisíaco, combate a apatía e o desleixo dos amantes. Nas mulleres, especialmente, provoca o arrebatamento amoroso instantáneo.

**Cava.**-Estimula os sentidos e desinhibe, sobre todo cando se bebe en compañía.

**Chocolate.**-Revitaliza e estimula, é o alimento co que o deus azteca Quetzalcòatl agasallou á Humanidade. O pracer de comelo soe compararse ao de manter relacións sexuais.

**Fresas.**- A paixón vermella. Van asociadas á fecundiade a o vigor. Refrescan a boca e a mente, e melloran a circulación sanguínea. O aperitivo máis recomendable para iniciar unha sesión de sexo.

**Mazá.**- Lembrádevos de Eva, aínda que lle custase que o Inhibidor Supremo a expulsase a ela e ao seu amante do Paraíso. Simboliza a tentación e o pecado

**Menta.**-Crese que foi a primeira planta que se usou con fins estimulantes do apetito sexual.

**Mostaza.**- Estimula as glandulas sexuais, acrecenta o desexo. Aplicada directamente sobre as zonas eróxenas prolonga o acto.

**Paspallás.**- Parece que os machos son moi promíscuos e que os ovos que poñen as femias son, con diferenza, os que máis estimulan o desexo sexual.

**Uvas.**- Símbolo do pracer e da xuventude, representan a sensualidade explosiva.

**Vainilla.**- De olor e sabor delicados, axuda a crear ambientes relaxados, idóneos para o sexo.

**Viño.**- O afrodisíaco de Hipócrates. O viño tinto, tomado con moderación, alegre e predispón para o sexo. Existen múltiples receitas para condimentalo e multiplicar así os seus efectos afrodisíacos.

